

# PLAN DE CONVIVENCIA C.E.I.P. SAL LENCE

- (Aprobado no Consello Escolar do 8 de maio de 2017)
- Actualizado e presentado no Consello escolar de decembro de 2022)

## LIMIAR

1.-INTRODUCCIÓN.

2.-PRINCIPIOS POLO QUE SE REXE O PLAN.

3.-COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

4.-DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PROFESORADO.

5.-MEDIDAS PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR, RESOLVER CONFLICTOS. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS.

6.-ACTUACIÓN ANTE AS CONDUTAS DISRUPTIVAS.

7.-PROCEDIMENTO XERAL DAS CORRECCIÓNS.

- 7A.-FALTAS LEVES E A SÚA CORRECCIÓN.
- 7B.-FALTAS GRAVES E A SÚA CORRECCIÓN.
- 7C.-PARTE DE INCIDENCIAS.
- 7D.-CONSIDERACIÓNS A CERCA DAS CORRECCIÓNS. GRADACIÓNS DAS CORRECCIÓNS.

8.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O ALUMNADO CON PROBLEMAS OU TRASTORNOS DE CONDUTA , CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN, CON OU SEN HIPERACTIVIDADE.

9.-PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

10.- PROTOCOLO PARA GARANTIR A IGUALDADE DE XÉNERO E A NON DISCRIMINACIÓN.

11.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE AGRESIÓN AO PROFESORADO.

12.- PROTOCOLO DE URXENCIAS SANITARIAS.

13.-DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Addenda. Protocolo de procedemento de reclamación das cualificacións finais e das decisións de promoción.

Addenda “CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA”

## 1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

Aprender a convivir é unha finalidade esencial da educación e representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais. Trátase dunha aprendizaxe valiosa en si mesma e imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e pacífica. Así o recollía o informe da UNESCO da *Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI* ao sinalar a *necesidade de que os alumnos aprendan na escola a convivir, coñecendo mellor aos demais creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos común e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.*

A convivencia nos centros educativos non é únicamente unha cuestión académica, nin estritamente escolar: é un tema de educación na súa dimensión máis ampla, que trascende á institución educativa e que esixe a colaboración, cooperación e a conxunción de esforzos de toda a comunidade educativa e de toda a sociedade. Deste xeito contribuiremos dende a escola, á construción dunha sociedade na que as relacións interpersonais baseadas no respecto mutuo, sexan o elemento fundamental da convivencia democrática.

A prevención é evitar e rexeitar estas conductas disruptivas. Así mesmo, é preciso que exista un clima social e unha conciencia persoal na que sexa tentable o rexeitamento cara a este tipo de condutas.

As accións que fomentan a creación dun positivo ambiente de relación son, entre outras:

- Fomento da educación en valores.
- Creación dun ambiente de respecto mutuo na comunidade educativa.

- Mellora do clima de relación entre profesorado e as familias.
- Revalorización da figura do profesor.

As accións relacionadas coas normas dos procesos sancionadores son:

Dar a coñecer e cumprir as normas establecidas no Regulamento

Elaborar o Plan de Convivencia do Centro accións que incrementen a disciplina, accións que fomenten a autoridade do profesorado e establecemento de mecanismos áxiles para solucionar os conflitos que se xeren.

En resumo:

O NOSO PLAN PRETENDE CONQUERIR UN CENTRO DE BOA CONVENCIA, NON DE VIOLENCIA.

## 2.-PRINCIPIOS POLOS QUE SE REXE O PLAN DE CONVIVENCIA

Según o DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenrola a Ley 4/2011, de 30 de xunio, de *Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*. as medidas e actuacións que de desenvolvan no marco deste Plan, artéllanse en torno aos seguintes principios:

- **Prevención:** As actuacións irán dirixidas a xerar as condicións facilitadoras da convivencia así como a detección e intervención precoces naquelas situación que poñan en risco ésta última.
- **Normalización.** Pretende garantir a aprendizaxe da convivencia escolar, integrada no PEC e nos proxectos curriculares. Busca dotar ao centro dunha organización que regule a convivencia democrática, igualitaria e inclusiva para todos os membros da comunidade educativa e social.

- **Participación.** Entendida como a implicación, compromiso e intervención activa dos distintos sectores da comunidade educativa e social. Supón a construción colectiva e democrática das regras que regulan as relacións na aula, no centro, na comunidade educativa e na social. Trátase da incorporación do esforzo compartido de todos os axentes educativos, formais e non formais.
- **Planificación:** Todas as medidas e actuacións que se desenrolen compre que partan dunha análise previa. Programarase de xeito priorizado e de acordó cos recursos reais.
- **Coordinación:** Esixe a cooperación e conxunción de esforzos, garantíndose deste modo a optimización de recursos, a corresponsabilidade e a complementariedade nas actuacións dos distintos axentes educativos.
- **Socialización:** As relacións de convivencia estarán baseadas no respecto aos dereitos individuais e colectivos . As actuacións han de garantir a aprendizaxe da convivencia dende o respecto ás diferentes culturas presentes na nosa comunidade educativa, dende as súas peculiaridades, todo elo dende o marco dos Dereitos Humáns.
- **Globalidade:** As actuacións abordaránse dende un enfoque sistémico, considerando á comunidade educativa como un todo. Así,

as accións do Plan de Convivencia, orientaranse cara a todos os sectores da devandita comunidade, a todos os ámbitos da vida e aos da súa contorna máis próxima.

### **3.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA**


Segundo LEI 16/ 2010 de 17 de decembro, a Comisión de Convivencia está integrada por:

- O Director, que actuará como presidente.
- O xefe de estudos.
- Dous pais/ nais do alumnado.
- Dous profesores.


A Comisión de Convivencia ten, entre outras, as seguintes funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia
- Canalizar as iniciativas e propostas
- Proponer iniciativas e medidas que eviten a discriminación do alumnado, establecendo plans de acción positiva que favorezan a convivencia.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar para que se atean á normativa.

## 4.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PROFESORADO.









Dereito nun prazo de dous días á reclamación das cualificacións finais ante a xefatura de estudos.

DEBERES  
DO  
ALUMNADO

DECRETO  
8/ 2015





**DEREITOS DO PROFESORADO**

**DECRETO 8/ 2015**

**AUTONOMÍA EN DECISIONS PARA MANTER UN BO CLIMA DE CONVIVENCIA**

**FORMACIÓN PERMANENTE**

**CONSIDERACIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA**

**PROTECCIÓN LEGAL E DEFENSA XURÍDICA**

**DEREITO A SER RESPECTADO**

**Presunción de veracidade.**

**As condutas graves contra o profesorado serán consideradas delito de atentado contra a autoridade.**

DEBERES DO  
PROFESORADO

DECRETO  
8/2015

CUMPRIR AS NORMAS  
DE CONVIVENCIA E  
NORMATIVA DO  
CENTRO

CONTRIBUIR Á  
MELLORA DA  
CONVIVENCIA  
ESCOLAR

COLABORAR E  
INFORMAR ÁS  
FAMILIAS

DEBER DE FORMARSE

SIXILO  
PROFESIONAL



## **5.- MEDIDAS PARA PREVIR, MEDIAR E RESOLVER CONFLICTOS. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS.**

- Actividades de acollida para o alumnado e as súas familias: coñecemento de normas, dereitos e deberes.
- Sensibilización fronte aos casos de acoso ou intimidación entre iguais
- Sensibilización en materia de igualdade entre homes e mulleres.
- Medidas organizativas de vixancia de tempos e espazos de risco: cambios de clase, recreos, entradas, saídas...
- Posibilidade de escribir compromisos de convivencia entre o centro e as familias.
- Mediación na resolución dos conflitos que poideran plantexarse.
- Protocolos de actuación: supostos de acoso, maltrato infantil, agresión ao profesorado e ao persoal non docente, identidade de xénero, detección e intervención educativa do alumnado con problemas ou trastornos de conduta...
- Consensuar normas de convivencia para o grupo clase.
- Colaboración da familia coa escola co obxectivo de que o alumno atope unha única resposta.
- Informar ás familias das condutas disruptivas dos seus fillos solicitando a súa colaboración para a corrección.

- Solicitar a colaboración a organismos: axente titor, charlas impartidas pola policía...
- Solicitar a colaboración do Departamento de Orientación do Centro.
- Solicitar a colaboración da Inspección Educativa e Asesoría Xurídica da Consellería de Educación.
- Apoiar estratexias dirixidas ou propostas polo alumnado, xa que son eles os verdadeiros protagonistas do noso plan de convivencia.
- Apoiar programas que traballen as intelixencias emocionais, xa que son as mellores ferramentas para a resolución de conflitos.

## **6.- ACTUACIÓN ANTE AS CONDUCTAS DISRUPTIVAS.**

Enténdese como conduta disruptiva o comportamento prolongado- de calquera tipo- que teña como resultado a interrupción da clase e requira a intervención do profesorado para poder continuar impartindo docencia.

Tamén afecta aos comportamentos inadecuados nas restantes dependencias do centro.( na aula, nos baños, nos corredores,e patios).

O titor leva un rexistro individual das incidencias de cada alumno . No caso de ter partes de incidencia, informarase tamén á xefatura de estudos e a familia.

As faltas poden ser leves e graves.

### **SECUENCIA DAS ACTUACIÓNS**

As condutas consideradas como falta leve deberán ser solventadas e xestionadas polo profesorado.



Se a situación se repite ou a conduta así o require, o titor deberá informar aos pais do sucedido e das medidas tomadas.

En caso de parte de incidencias deberase informar á xefatura de estudos. Ésta solicitará a colaboración da familia.

A reiteración de tres faltas leves, con parte de incidencias, xeran unha falta grave.

Cando a gravidade da conduta así o aconselle, o equipo directivo decidirá as medidas correctoras que o Plan de Convivencia establece en cada caso.

Nos casos graves que poidan chegar a expulsión de máis de cinco días, a Comisión de Convivencia seguirá as directrices establecidas pola Consellería de Educación. Lei 4/ 2011 do 30 de xuño.

## **7.-PROCEDEMENTO XERAL DAS CORRECCIÓNS.**

### **7A.-FALTAS LEVES. A SÚA CORRECCIÓN.**

Considéranse faltas leves as que se opoñan ás establecidas nos Dereitos e Deberes do alumnado. En todo caso as seguintes:

- a) Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento das actividades da clase.
- b) A falta de colaboración sistemática do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo, así como no seguimento das orientacións do profesorado respecto a súa aprendizaxe.
- c) As condutas que poidan impedir ou dificultar o exercicio do dereito ou o cumprimento do deber de estudar aos seus compañeiros ou o exercicio da actividade docente.
- d) As faltas inxustificadas de puntualidade.
- e) As faltas inxustificadas de asistencia á clase.
- f) Calquera acto de incorrección e de desconsideración cara ao profesorado ou calquera outro membro da comunidade educativa.

g) Causar pequenos danos nas instalacións, recursos materiais ou documentos do centro.ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.

### CORRECCIÓN DAS FALTAS LEVES

1) Pola conducta determinada no punto a), poderase impor a corrección da suspensión de asistencia a esa clase ou sesión. Para a aplicación desta medida deberán concurrir os requisitos seguintes:

- O centro derá previr a atención educativa do alumnado ao que se lle imponha esta corrección.
- Deberá informarse por escrito, de xeito inmediato ao xefe de estudos e ao titor sobre a medida adoptada e os motivos da mesma.

2) Polas condutas distintas ás previstas no apartado anterior, poderán imponerse ás seguintes correccións:

- Amonestación oral.
- Cambio a outra aula ata rematar a tarefa asignada.
- Apercibimento por escrito.

-Realización de tarefas dentro e fóra do horario lectivo ( pode ser luns de 16:00 h a 17:00 h) que contribúan á mejora e derenrolo das actividades do centro así como a reparación do dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos docentes.

-Cambio de grupo por un prazo máximo dunha semana( con tarefa asignada).

-Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias.

-Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días lectivos( tendo que realizar a tarefa asignada).

-No caso de reiteración de faltas leves corresponderá a suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período máximo de tres días lectivos.( tendo que realizar a tarefa asignada).

#### 7 B.-FALTAS GRAVES E A SÚA CORRECCIÓN.

Considéranse faltas graves as que se opoñan ás establecidas nos Dereitos e Deberes do alumnado. En todo caso as seguintes:

- Agresión física a calquera membro da comunidade educativa.
- Inxurias e/ ou ofensas a calquera membro da comunidade educativa.

- Actuacións perxudiciais contra a saúde e integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa, ou a incitación ás mesmas.
- As vexacións ou humillacións a calquera membro da comunidade educativa, particularmente se teñen un compoñente sexual, racial, xenófobo ou se realizan ao alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais.
- As ameazas e/ ou coaccións a calquera membro da comunidade educativa.
- A suplantación da persoalidade en actos da vida docente e a falsificación ou sustracción de documentos académicos.
- O deterioro grave das instalacións, recursos materiais ou documentos do Centro ou de pertenzas de calquera membro da comunidade educativa así como a sustracción das mesmas.
- O uso indebido de medios electrónicos durante as horas lectivas.
- Calquera acto dirixido a impedir o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- A reiteración nun mesmo curso escolar de conductas contrarias ás normas de convivencia no centro (faltas leves).
- O incumprimento das sancións impostas, salvo que a dirección considere que ese incumprimento é debido a causas xustificadas.

## CORRECIÓN DAS FALTAS GRAVES

Polas condutas graves, contrarias á convivencia, poderán impoñerse as seguintes correccións en conformidade coa Lei 4/ 2011 do 30 de xuño, seguindo as directrices establecidas pola Consellería de Educación.

- Realización de tarefas, no horario lectivo, que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, así como reparación do dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos do centro, ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares e complementarias.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistir a determinadas clases, durante un período superior a tres días lectivos e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, deberá facer as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo.
- Cambio de centro docente.
- Cando se imponha a corrección establecida no punto 4 o director poderá levantar o dereito de suspensión de asistencia ao centro antes do esgotamento do prazo previsto na corrección, previa constatación de que se produciu un cambio positivo na actitude do alumno. Desta situación informarase ao Consello Escolar.

#### ÓRGANO COMPETENTE PARA IMPOÑER AS CORRECCIÓNS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

1) O director nomeará a un instrutor que seguirá as indicacións da Consellería de Educación.

2) O alumno, os seus pais ou representantes legais, poderán presentar ante o director unha reclamación no prazo de dous días lectivos contra as correccións impostas e cando corresponda presentaránse ante o Consello Escolar.

## 7 C.-CONSIDERACIÓNS A CERCA DAS CORRECCIÓNS

Son condutas contrarias á convivencia aquelas que se opoñen ás establecidas nos dereitos e deberes do alumnado.

Correxiránse os actos contrarios ás normas de Convivencia do centro, realizados polo alumnado en horario lectivo.

Principios xerais das correccións:

- As correccións han de ter un carácter educativo e recuperador.
- Deberán garantir os dereitos do alumnado e procurarán a súa mellora na relación con todos os membros da comunidade educativa.
- Ningún alumno poderá ser privado do seu dereito á educación.
- Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta negativa do alumno e deberá contribuir á mellora do seu proceso educativo.

- Os alumnos que individual ou colectivamente causen dano, de xeito intencionado ou por negligencia, ás instalación do centro, quedan obrigados á reparación do dano causado ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Os pais ou titores legais son os representantes civís nos termos que indica a lei. .
- Os alumnos que individual ou colectivamente, sustraeren bens doutros alumnos ou do centro, deberán restituír o sustraído. En todo o caso, os pais ou representantes legais serán responsables civís nos termos previstos na lei.

Graduación das correccións :

Son circunstancias que atenúan tales accións:

- ✓ As condutas previas de responsabilidade.
- ✓ O recoñecemento espontáneo do dano producido
- ✓ A falta de intencionalidade
- ✓ A petición de escusas. Responsabilidade

Son circunstancias que agravan as faltas de convivencia:

- ✓ A premeditación
- ✓ A reiteración
- ✓ Danos, inxurias ou ofensas causados ao profesorado , aos compañeiros, en particular aos de menor idade, aos recentemente incorporados ao centro ou ao alumnado con necesidades específicas.
- ✓ As accións que impliquen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, conviccións ideolóxicas ou relixiosas, discapacidades físicas , psíquicas ou sensoriais, así como por calquera outra condición persoal ou social.



- ✓ A incitación ou estímulo á acción colectiva lesiva dos dereitos dos membros da comunidade educativa.

#### 7 D.- PARTE DE INCIDENCIAS



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 CEIP Sal Lence

Avenida de Oza, 224  
 15006 A Coruña  
 Teléfono/Fax 981296503  
 ceip.sal.lence@edu.xunta.es  
**PARTE DE INCIDENCIAS**

Data:

**CURSO ACADÉMICO**

**TRIMESTRE**

**Alumnos/as  
 implicados/as**

**Curso / Grupo**

**Aula**

**Hora**

**Data**

**Profesor/a**

**Signatura**

**Materia**

**Conductas contrarias**

- Perturbación do normal desenvolvemento das actividades de clase.
- Impedir ou dificultar o estudo aos seus compañeiros.
- Falta inustificada de puntualidade.
- Falta inustificada de asistencia á clase.
- Actuacións incorrectas cara algún membro da comunidade educativa.
- Danos en instalacións ou documentos do Centro ou en pertencenzas d'un membro.
- A reterencia asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Non participar e poñer en cuestión as actividades de aula orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudo.
- Resoñar seguir as súas orientacións do profesor ou profesora respecto da súa aprendizaxe.
- Actos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que non supoñan unha indisciplina grave.

**Conductas graves**

- Agresión física a un membro da comunidade educativa.
- Inxurias e ofensas contra un membro da comunidade educativa.
- Acoso escolar entendido como malos tratos psicolóxicos, verbal ou físico a un membro da comunidade educativa.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade, ou incitación a elas.
- Vexacións ou humillacións contra un membro da comunidade educativa.
- Ameazas ou coaccións a un membro da comunidade educativa.
- Suplantación da personalidade, e falsificación ou sustracción de documentos.
- Deterioro grave de instalac. ou docum. do Centro, ou pertencenzas d'un membro.
- Reiteración nun mesmo curso de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Impedir o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- Incumprimento das conexións impostas.

**Observacións do/a profesor/a.**

*A encher pola Xefatura de Estudos*

**Entrevista co/coas alumno/a**

**Data:**

**Entrevista cos pais ou titores**

**Data:**

**Medidas correctoras**


**Signatura e data:**

1.- O orixinal debe ser entregado cos máxima celeridade ao xefe/a de estudos, e unha fotocopia debe ser tamén entregada ao titor/a.

**Medidas adoptadas 1**

(En caso de aplicar outro tipo de medidas, que poidan ser contempladas na normativa, especificar)

- Amoestación privada ou por escrito do profesor.
- Amoestación privada ou por escrito do titor.
- Chamada telefónica aos pais. Entrevista co titor.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- Amoestación por escrito. Citación aos pais para manter entrevista co titor e xefe de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de ata 2 semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata 1 semana.
- Comparecencia ante o director/ comisión de convivencia para aplicación de sanción.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, por un período de ata 3 días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Outras medida (especificar): .....
- .....
- .....



1.- Este reverso será cuberto polo profesor, o titor, ou o xefe de estudos, de consideralo oportuno, en cada caso, e asinado polo xefe de estudos para o seu arquivo  
2.- Diante de calquera dúbida, consultar a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 27/02/2015 Decreto8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a lei

## **8.-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA O ALUMNADO CON PROBLEMAS OU TRASTORNOS DE CONDUCTA E CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON OU SIN HIPERACTIVIDADE**

O titor que detecta ao alumnado que de maneira reiterada, presenta condutas disruptivas, agresivas, déficit de atención, de inhibición ou de aillamento, poñerase en contacto coa familia para arbitrar as medidas oportunas que permitan o desenvolvemento de actuacións educativas conxuntas.

Si se detectan no ámbito familiar, trasladarase a información a o seu titor/a. Si as medidas adoptadas non conseguen o seu propósito nun prazo de tempo razoable, trasladarase ao orientador/a do centro que realizará unha valoración psicopedagóxica. Dita valoración poderá contar co asesoramento do EOE da Consellería de Educación que fará un dictame de escolarización, no que se propoñen os recursos e a resposta educativa máis axeitada.

O Departamento de Orientación poderá poñerse en contacto tanto cos Servicios Sociais coma cos Servizos de Saúde ( Pediatría, unidade de Saúde Mental...) e/ ou outras Consellerías.

As normas de Convivencia que garantizan a igualdade de oportunidades e de trato recóllense na Lei 4/ 2011 do 30 de xuño.

O protocolo de actuación inicial a seguir con dito alumnado, consensuado polo/a xefe/a do departamento de orientación, titor/a e xefatura de estudos e recollido nos documentos elaborados pola Xunta "Orientacións e Respostas Educativas para o Alumnado con Problemas de Conduta" e "Protocolo para o Alumnado con TDAH"; sería a aplicación de técnicas de modificación de condutas.

- **Técnicas de Modificación de Conduta.**

a) Técnicas para incrementar a conduta desexada:

- Reforzo Positivo
- Economía de Fichas

b) Técnicas para reducir as condutas non desexadas:

- Retirada de atención ante dita conduta inadecuada.
- Reforzo de condutas alternativas.
- Privación de obter reforzamento, privándolle de facer algo que lle guste.
- Tempo Fora

Cando a través de ditas medidas non se consiga a modificación das condutas problemáticas se derivará á **AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA** (artigo 47 da Orde de 8 de setembro de 2021 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros educativos).

### **AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA**

En dita aula se atenderá, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

O alumnado derivado a dita aula:

- a) Levará tarefas, para realizar durante a súa permanencia, da/as área/as correspondentes a ditas sesións.
- b) Deberá desenvolver o programa de habilidades e competencias sociais (artigo 53 desta mesma orde).

As nais/pais/titores legais do alumnado remitido a dita aula serán informados cada vez que asista á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

De ser o caso, esta aula poderá empregarse cos mesmos fins que a **AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA** (ARTIGO 25 DO Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro pola que se desenvolve a Lei 4/2011. do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).

## **9.-PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.**

### **Criterios para a identificación do acoso escolar**

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos e simultánearse, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

#### **Existencia de intención de facer dano-**

-Debe existir unha vítima concreta , indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

#### **A repetición das condutas agresivas.**

A agresión crea na vítima a expectativa de que pode ser vítima de ataques. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de modo recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso xeralmente permanece oculto aos adultos , mentras que o alumnado sí ten coñecemento dos feitos.

#### **A duración no tempo.**

-Establecemento dun esquema de abuso que pode ser desequilibrado entre a vítima e a persoa ou persoas agresoras.

-Presenza de desigualdade de poder entre a persoa mais forte e a mais débil.

-E unha situación desigual e de indefensión para a vítima.

Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que á persoa acosada poida saír por ela mesma da situación.

**No caso de identificar un caso de acoso, o centro activará o protocolo indicado pola Consellería de Educación** que se resume no que segue

### **Protocolo abreviado de actuación**

#### Primeira Fase

Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún membro da comunidade educativa, ten a obriga de poñelo en coñecemento da dirección do centro.
- É imprescindible coidar da confidencialidade e a discreción durante todo o proceso.
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.
- Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede.
- Comunicación a outros profesionais educativos e / outros axentes externos.
- Poderá ser requerida a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro ( axente titor, servizos sociais, servizos sanitarios, xudiciais)



## Segunda fase

### Recollida de información e rexistro

- Recollida inicial de información
- Entrevista individual á presunta vítima
- Entrevista individual á/ás persoa/as posible/es responsable/es do acoso.
- Entrevista individual as persoa/as observadoras/as espectadora/as.
- Entrevista individual ás familias.
- Citación para a entrevista á/ as familia/a da persoa/ as acosada/as e da persoa ou persoas posible/s acosadoras /s.
- Solicitude de asesoramento a outros profesionais, educativos e / organismos e/ ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso. ( Axencia Española de Protección de datos, Policía Local, Unidades de Delitos Telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional, Outros)

## Terceira fase

### Análise da información e adopción de medidas educativas

- Medidas de protección a presunta vítima
- Medidas reeducadoras e correctoras para a/as persoa/persoas agresora/as unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.
- Medidas co grupo- clase e co alumnado espectador/observador.
- Medidas cos familias.

## Cuarta fase

- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

## **10.-PROTOCOLO PARA GARANTIR A IGUALDADE DE XÉNERO E A NON DISCRIMINACIÓN.**

- O profesorado que detecte ao alumnado unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ou nacer, poñerá en coñecemento da dirección.
- Dende a dirección tomaráanse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así coma un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo. Para tal fin, o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio , dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría Departamento de orientación e o/a alumno/a ( ou representantes legais).
- Tamén se utilizará este nome naquela documentación no regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitaráselle ao alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.

- Garantirase o seu dereito a elixir a a súa propia imaxe, e adaptar esta tanto no vestir coma en calquera outro aspecto, ao xénero entre a comunidade educativa.
- Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito ( decisión de mostrarse socialmente conforme ao sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que poidese sobrevir, estarase ao acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, os seus representantes legais, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno/ a. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

**O centro educativo é un espazo libre de acoso, agresión ou discriminación por motivos de identidade de xénero ou de orientación sexual.**

## **11.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE AGRESIÓN AO PROFESORADO.**

### **1.-Primeira actuación ante unha situación de agresión**

Ante calquera posible agresión ao persoal, o centro procedera con calma e procurará conter a situación. En último extremo responderá exclusivamente mediante o emprego de medios de lexítima defensa e solicitude de axuda.

O auxilio e a presenza dos compañeiros/as ou outras persoas achegadas, servirá, nun primeiro momento para conter e ou rematar coa situación de violencia e por outra banda poderán actuar coma testigo dos feitos se fose preciso.

### **2.-Solicitude de axuda externa**

No caso de que , a pesar os intentos de disuadir ao agresor/es , a situación de violencia persista, procederase a reclamara axuda inmediata dos Corpos e forzas de seguridade (Policía Local, Policía Nacional ou garda Civil) para que se persoen no Centro ao lugar no que tiveron lugar os feitos.

### **3.-Comunicación ao equipo directivo e a inspección educativa**

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento dunha situación de agresión ten a obriga de poñelo en coñecemento do director/a ou , na ausencia deste/a de calquera outro membro do equipo directivo.

O Director /a , ou o equipo directivo/o notificará, **inmediatamente** o feito ao inspector/a de referencia do centro ou alo menos, atenderá ao profesional agredido por vía telefónica.

#### **4.-Servizos médicos**

No caso de agresión a un profesional, se fose necesario, éste dirixirase, acompañado dalgún membro do equipo directivo do centro, ao correspondente Servizo de Medicina Preventiva ou ao Servizo de Urgencias, onde se procederá ao recoñecemento e as actuacións pertinentes, por parte dos facultativos dos servizos médicos. En calquera caso, solicitarase un informe de lesións.

#### **ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN EDUCATIVA.**

- 1.- Contacto co profesional agredido.
- 2.- Ofrecemento de asistencia xurídica
- 3.- Ofrecemento pedagóxico.
- 4.- Informe á Delegación Provincial de Educación

#### **ACTUACIÓNS DA DIRECCIÓN DO CENTRO**

- 1.- Recollida de información

O equipo directivo recabará a información necesaria relativa ao feito, das diversas fontes que se relatan de seguido e realizando un informe cos datos obtidos.

- Profesional agredido.
- Identificación do agresor/a
- Testigos.
- Titor/a, no caso de que a agresión fose cometida por un alumno/a.
- Outros profesionais que teñan relación co agresor/a.

## 2.-Canalización da denuncia

Se o agresor fose un alumno/a do centro, o director/a procederá a comunicar os feitos ás familias.

Según o disposto na Ley 5/ 2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. ata os 14 anos, non se lles esixirá responsabilidade, senon que se lles aplicará o disposto nas normas de protección de menores previstas no Código Civil e demais disposicións vixentes.

## 3.- Información ás familias ,do alumnado implicado

Posto que este é un centro de Educación Infantil e Primario, será o director/a quen informará as familias do alumnado implicado.

## 4.- Aplicación de medidas disciplinarias.

Sobrenténse que o agresor /a é alumno/ a do centro. aplicaráselle o establecido na lei. 4/2011 do 30 de xuño.

#### 5.- Comunicación á Comisión de Convivencia

O director/a trasladará o informe realizado trala recollida de información así coma , se fose o caso, as medidas disciplinarias adoptadas á Comisión de Convivencia para o seu coñecemento.

#### 6.- Comunicación á Inspección educativa e outros Servizos da Delegación Provincial

O director/a do centro remitirá o informe ao Servizo Provincial de Inspección de Educación, sen perxuízo da comunicación inmediata do suceso.

Si existise parte de lesións e/ou incapacidade laboral do profesional agredido, a dirección do centro comunicará tamén estes feitos á Asesoría Médica da Delegación provincial de Educación.

#### 7.- Rexistro informático.

No caso de agresión a un profesional, os datos específicos de cada incidente rexistraránse según o establecido.

## 12.-PROTOCOLO DE URXENCIAS SANITARIAS

- Os pais dos alumnos que padecen enfermidades crónicas, alerxias... informaránlle aos seus titores e á dirección do centro, para incluílos no protocolo de alerta escolar.
- Á alerta escolar do centro está en contacto co 061.
- O 061 incorpora os datos destes novos pacientes. Deste xeito pode intervir, cando sexa preciso dando as indicacións oportunas ao centro na espera da súa chegada.
- Cando non se considere oportuna a comunicación á familia (por pequenos golpes, contusións e feridas menores) atenderase ao alumnado no centro.
- Nos casos nos que tendo que comunicar coa familia, **non** se logre, , chamarase ao 061 cara a activación dos protocolos pertinentes.
- Aínda que en Educación Primaria non hai **seguro escolar**, a Consellería de Educación o recolle nalgúns casos co informe do centro.
- O alumnado que se atope enfermo, comunicarallo ao titor. Seguidamente o centro poñerase en contacto coa familia para solicitar que o veñan a buscar.
- No caso do alumnado que precisa tomar medicación, dun xeiro temporal ou continuado, non lle será administrado por ningún membro da comunidade educativa. Serán os pais/ nais ou titores os encargados de facelo deixando a medicación fóra do alcance dos nenos.



### 13.-DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Sensibilizar, a través de distintos medios, a importancia dun clima axeitado de convivencia.
- Información das normas do centro, dos titores ás familias, nas reunións que se manteñen ao principiar o curso.
- Proxección de vídeos de convivencia no grupo- clase, adaptados ao curso educativo e recomendados polo departamento de orientación.
- As normas e obxectivos serán explicados polo alumnado de maior idade aos pequenos
- No grupo clase realizarase material para á exposición das normas.º
- As normas poñeranse nas aulas e corredores.

A AVALIACIÓN EXTERNA do Plan de Convivencia corresponderá a Inspección educativa.

Esta avaliación externa dos centro terá, entre outras, as finalidades de:

- valorar a eficacia das intervencións educativas
- mellorar os procesos resultados da organización
- funcionamento dos centros, tendo en conta o contexto socioeconómico e os recursos dispoñibles,
- complementar a avaliación interna, realizada no centro.
- valorará os procesos e resultados en relación co clima de convivencia no centro
- elaborará informes dirixidos aos órganos colexiados para a posta en marcha das melloras que considere oportunas.
- impulsará e asesorará os procesos de avaliación interna
- informará a Administración educativa sobre a eficacia e idoneidade das actuacións específicas para a mellora da convivencia adoptadas polos centros.





## Cuestionario Pictográfico sobre Convivencia:

*Precísase a axuda dunha persoa mediadora, aínda que se buscará dar ao alumnado a maior autonomía posible.*

*A persoa mediadora pode ser o/a titor/a do/a alumno/a, profesorado de AL ou PT, orientador/a ou calquera outra que o centro estime. A súa función será acompañar ao alumnado que cubra esta enquisa pictográfica, facilitándolle a comprensión do mesmo. Logo esta mesma persoa, cunha das claves disponibles para o alumnado, trasladará á aplicación as respostas no cuestionario correspondente.*

### Marca se es un neno ou unha nena e escribe a túa idade



Idade \_\_\_\_\_

### Di cantas amigas e amigos tes, na clase e no cole



Cantas



Cantas





### Cóntanos como te sentes no cole?



No colexio



como te sentes:



Moi feliz



Feliz



Aburrido



Triste



Moi triste



Teño medo



Estou enfadado

### Cando hai problemas, a quen acodes, quen che axuda?



Se hai problemas



quen



che axuda:




Compañeiros



Titor/a



AL



PT



Profesor de música



Profesor de Ed. Física





















orientador/a



coñecedor/a




Pensa en como te portas cos demais compañeiros...

		
Ti	aos	demais
		
Ti	pegas?	
		
Ti	insultas?	
		
Ti	roubas?	
		
Ti	dis mentiras?	
		
Ti	rompes cousas?	
		
Ti	non	traballas?
		
Ti	tes rabechas?	



Pensa en como se portan os demais compañeiros contigo...



A ti



péganche?



A ti



insúltanche?



A ti



déixante só?



A ti



róubanche?



A ti



dínche mentiras?



A ti



rómpenche cousas?



Grazas

Moitas grazas pola túa axuda

## Procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico.

<b>Día de entrega</b> BOLETÍN NOTAS FINAIS	<b>Prazo</b> 2( dous) días hábiles <b>Tit@r</b>	<b>RECLAMACIÓN</b> <b>ESCRITA</b> <b>XEFATURA DE ESTUDOS</b>	<u>3º Día</u> Reunión departemento. Revisión das reclamacións. INFORMES	<u>4º Día</u> Reunión extraordinaria . Secretaría levanta ACTA.	<u>5º Día</u> Dirección informa por escrito á familia.	<b>Prazo</b> 2( dous) días hábiles	<b>Presentar no centro</b> <b>Escrito de desacordo</b> <b>coa decisión.</b>	DIRECCIÓN tramita a reclamación a Territorial con toda a documentación.
-----------------------------------------------------	-------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------	---------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------

# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

O noso centro conta cun parte de incidencias que é cuberto polo profesorado de maneira rápida para ser entregado á xefatura de estudos. Anexamos modelo.

En xeral, para o tratamento dos conflitos, o profesorado ten en conta as seguintes pautas de actuación:

Ser coherente, xusto e ter capacidade de negociación.

Empregar estratexias de desescalada dos conflitos: Calmarse. Manterse sereno/a. Evitar o enfrontamento (sobre todo diante do grupo clase).

Non mostrar un enfado incontrolado

Manifestar unha autoridade asertiva, mediante estratexias como: Apoiarse nas normas, nos dereitos dos/as demais, na tarefa...

Emprazar ao/á alumno/a para falar con el/a fóra da aula.

Deixarlle un respiro, un tempo para que se calme, centrando a atención noutra acción. Ofrecerlle alternativas claras para que elixa como quere resolver o problema.

**A Comisión de Convivencia** terá en conta na aplicación das correccións os seguintes principios:

- **Educativo:** Cando unha falta faga necesaria a adopción de medidas disciplinarias, as correccións que se impoñan deberán ter un carácter educativo e deberán contribuír ao proceso xeral de formación e recuperación do alumno; polo que en ningún caso ditas correccións afectarán ao seu dereito á educación e á avaliación
- **Asertividade:** O alumno debe comprender que se castiga o comportamento e non á persoa.
- **Inmediatez:** Para que as correccións sexan efectivas han de aplicarse o máis próximas posibles ao momento en que as faltas sexan cometidas, desta forma o alumno establecerá a asociación conduta-consecuencia.
- **Proporción:** A corrección ha de ser proporcionada á falta, téndose en conta as circunstancias concretas que a rodeen. En función da conduta e da gravidade das súas consecuencias, aplicarase algunha das seguintes medidas sempre baseadas na lexislación vixente:

-Realización de tarefas educadoras fora ou en horario lectivo.

-Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.

- Suspensión do dereito de asistencia ao centro.



- Cambio de centro.

- Consistencia: O castigo debe responder a criterios de consistencia (os mesmos actos serán sancionados sempre) e deberá ser o suficientemente intensa como para que, con moita brevidade, o alumno deixe de repetir estes actos. As mesmas condutas han de ter sempre as mesmas consecuencias.
- Interese xeral: Á hora de aplicar as correccións considerárase a repercusión que as faltas teñan no resto do alumnado e nos seus dereitos.

Nos seguintes cadros recóllense as actuacións do Plan de Convivencia por sectores

## ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: PROFESORADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIZACIÓN
ORGANIZATIVO	Entrega NOF e partes de incidencia elaborado polo centro	Reunión+Claustro	Equipo directivo	setembro
ORGANIZATIVO	Seguimento semanal de: comportamento, asistencia a clase, rendemento escolar etc.	Atención personalizada	Profesorado que imparte clase na aula e titor/a	Todo o curso
ORGANIZATIVO	Reunión da Comisión de Convivencia, análise de incidencias e adopción de medidas correctoras	Reunión	Membros da Comisión de Convivencia	Cando proceda
PREVENCIÓN	Información ao profesorado das normas de convivencia, funcionamento das gardas, instalacións do centro etc	Reunión	Xefa de estudos	setembro

## ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: PROFESORADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIZACIÓN
PREVENCIÓN	Entrega de estratexias de prevención de condutas disruptivas	Reunión Correo electrónico	Departamento de Orientación  Xefa de estudos	outubro
PREVENCIÓN	Impulsar aos titores á realización e deseño de actividades que melloren a convivencia e o clima da aula.	Comunicación para ter en conta nas programacións.	Xefa de estudos  Titores	setembro
PREVENCIÓN	Revisión das normas do centro e elaboración das da aula.	Traballo en grupo do profesorado que imparte na mesma aula	Departamento de Orientación Titores Profesorado de aula	Outubro-novembro
INTERVENCIÓN	Identificar e detectar condutas disruptivas	Seguimento a través de reunión de titores. Claustro	Departamento de Orientación Todo o profesorado	Todo o curso

## ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: FAMILIAS

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIZACIÓN
PREVENCIÓN	Reunión coas familias para informar sobre o funcionamento do centro.	Reunión colectiva ao comenzo do curso	Profesorado titor	Principio de curso
PREVENCIÓN	Titorías coas familias de maneira individual sobre aspectos académicos, conductuais etc	Reunión individuais	Profesorado titor	Ao longo do curso
INTERVENCIÓN	Reunión da Comisión de Convivencia cando proceda, onde estea a figura dun pai/nai ou titor legal	Reunión	Dirección Consello Escolar	Cando proceda

## ACTUACIÓNS DO PLAN DE CONVIVENCIA: ALUMNADO

TIPO	ACTIVIDADES	METODOLOXÍA	RESPONSABILIDADE	TEMPORALIZACIÓN
PREVENCIÓN	Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso ( Información do funcionamento do centro) Visita ao centro	Recibimento e visita as dependencias do centro	Departamento de Orientación Dirección	Comezo e finais de curso
PREVENCIÓN	Difusión das NOF Consensuar normas na aula	Grupos clase 3º,4º,5º e 6º Primaria	Profesorado titor	Setembro
PREVENCIÓN	Xornada de acollida ao novo curso escolar	Recibimento ao alumnado e despois acompañamento dos titores	Todo o profesorado	setembro
PREVENCIÓN	Exposición de murais de diferentes temas elaborados polo alumnado nos corredores e aulas.	Creativa	Profesorado	Ao longo do curso
PREVENCIÓN	Proxección de películas de debuxos con temas de convivencia	Gran grupo	Coordinadora de convivencia. Orientación	Ao longo do curso
INTERVENCIÓN	Análise de condutas disruptivas e intervención na súa modificación	Entrevista individual	Equipo de orientación específico de A Coruña Orientador/a	Cando proceda

